

# LOBO IBÉRICO

Alberte Regueiro Franco

NOMENCLATURA:


Grupo	Vertebrados
Clase	Mamíferos
Orde	Carnívora
Familia	Canidae
Xénero	Canis
Especie	Canis lupus, L. 1758
Subespecie ibérica	Canis lupus signatus

NOMES NOUTRAS LINGUAS:

Portugués	Lobo
Catalán	Llop
Español	Lobo
Euskera	Otso
Francés	Loup
Italiano	Lupo
Inglés	Wolf
Alemán	Wolf

CUADRO BIOMETRICO:

Cabeza e corpo	1100-1400 mm
Altura á cruz	650-800 mm
Cola	300-420 mm
Pé	220-270 mm
Orella	115-125 mm
Mandíbula	115-185 mm
Série dental superior	65-107 mm
Série dental inferior	73-120 mm
Canino	26 mm
Peso	40-50 kg (machos) ±30 kg (fémias)



CRÍA POSIBLE OU CONFIRMADA

PRESENCIA

PRESENCIA DUBIOSA

Constitución: Animal fisipedo de marcha dicitigrada. Posui cinco dedos nas extremidades anteriores e catro nas posteriores. Cabeza grande e cráneo alongado, da mesma sobresaen unhas orellas curtas. Na sua face destacan os ollos oblicuos de pupula redonda e iris ambarino. Tronco en xeral corpulento e compacto. Peito profundo. Extremidades máis ben delgadas e rematadas nun pé compacto e con dedos provistos de uñas romas. Cola grosa e rematada por unha guedella de pelos escuros. Sentidos máis desenvolvidos: o ouvido e olfato.

Pelaxe: Esta componse de dous tipos: unha interna, que serve de aillamento térmico, e outra de función impermeabilizadora. A cor da pelaxe é, no caso da raza ibérica, de tonos marcadamente grises e con predominio dos ocreos ou amarementos tan só no ventre, cara interna das extremidades e dos pavillóns auriculares, así como da parte interior da cola. Os lobos presentan dúas marcas distintivas na sua pelaxe. Por unha parte, destaca na zona por riba do beizo unha banda clara. Por outra, aprecianse nas extremidades anteriores unha banda escura e vertical en cada pata. A pelaxe é curta nos meses cálidos e mesta e longa nos do inverno.

Fórmula dentária: I 3/3; C1/1; PM 4/4; M2/3 = 42 pezas dentárias.

Animal de dentadura poderosa do tipo desgarrador, capaz de seccionar os tendóns ou fracturar as pezas óseas. No conxunto da dentadura destaca a cúspide anterior do primeiro molar (ver figura 1). Asimesmo, os caninos superiores, cando a boca está pechada non superan o borde inferior da mandíbula. No caso dos raposos (*Vulpes vulpes*) os caninos si sobreaen de xeito visíbel, por baixo da mandíbula.


Voz: A familia dos cánidos é, en xeral, rica en vocalizacións, que son empregadas na comunicación. Poden-se diferenciar as seguintes emisións vocais: ouvidos, gruñidos, ladridos, xemidos, gañidos e berros. Esta clasificación levou-na a cabo o etólogo Eric Zimmen.



Alimentación: A dieta dun lobo dentro dun ecosistema virxe e inalterado está constituída fundamentalmente por grander herbívoros. Na Galiza estas condicións danse nas zonas máis orientais e menos humanizadas, é aí onde o corzo (*Capreolus capreolus*) ocupa a base alimentaria destes carnívoros, acadando unha porcentaxe moi elevada.

Distribución e poboación: A poboación española actual ronda as 300 pare-

parellas, que se estenden de xeito irregular por uns 100.000 km<sup>2</sup>. A poboación galega está composta por unhas 100 parellas reprodutoras e un total de 500 ou 700 individuos, dependendo da época, pré ou pós-parto. En xeral na galiza advirte-se unha preocupante regresión da especie. Dita regresión é máis acudada na franxa occidental. Sabe-se da desaparición dos lobos na península do Barbanza, así como nas penínsulas das Ribas Baixas. Nas provincias orientais de Galiza é onde se aprécia unha fráxil estabilidade poboacional e incluso unha tímida expansión máis ou menos confirmada.

Gregarismo: O núcleo é a manada, e dentro desta establecece-se unha forte escala xerárquica, atopando-se no cúmulo da mesma a parella reprodutora e dominante. O tamaño das manadas está en relación cun factor tan importante como é tamaño-presa. En zonas xeográficas onde as presas son os grandes ungulados selvaxes —América do Norte, Rúsia—, as manadas compóñen-se de grande número de individuos. En zonas como Galiza, onde as grandes presas son cáseque inexistentes, excepción feita dalgunhas zonas orientais e moi pouco humanizadas, as manadas están formadas pola parella reproduto-





ra e os dous ou tres fillos superviventes dese ano.

Periodo nictemeral: No noso país, en xeral altamente humanizado, é esencialmente activo durante as horas nocturnas e crepusculares, encamándose no período diurno ou introducindo-se nas espesuras pouco frecuentadas. Trátase posibelmente dunha adaptación inducida polo perigo que lle supón o home, pois en zonas extensas de América do Norte, onde a presenza do home é inusual, a súa actividade é tanto diurna como nocturna.

Sinais da súa presenza:

—Pegadas: algo máis grandes que as dun can grande.

—Excrementos: moi similares aos dos cans, quizais de maior tamaño, 10 a 15 cm. de lonxitude por 2,5 a 3 de diámetro. Depoñen en pequenos montículos.

Predadores ou inimigos: Pode-se considerar ao home como único inimigo potencial. Noutras zonas do mundo, e excptuando ao home, poden sê-lo, de xeito eventual ou raro, os urxos ou os grandes felidos.

Parásitos: Pulgas, carrachas e vermes intestinais (*Taenia echinococcus*) son os máis destacados.

Estratexia demográfica: Taxa de natalidade relativamente elevada, que compensa unha lonxevidade máis ben curta e unha mortandade bastante elevada.

Lonxevidade: De 14 a 16 anos.

Taxa de natalidade: Bastante elevada.

Taxa de mortandade: Con pouca marxe comparada coa de natalidade.

Sex rático: Entre os lobatos este parámetro debe ser moi próximo ao 50%.

Nos adultos a proporción soe manter-se, quizais algúns machos máis que fémias.

Madurez sexual: Aos dous anos de vida as fémias e perto dos tres os machos.

Frecuencia de cria: Dentro da manada só cria a parella dominante e unha

machos.

Frecuencia de cria: Dentro da manada só cria a parella dominante e unha vez ao ano.

Xestación: Aproximadamente nove semanas.

Camada: Según algúns autores, entre 1 e 11 lobatos; endebén, as cifras máis frecuentes son entre 4 e 7.

Época de cio: Principalmente en Xaneiro. Despois da cópula a parella permanece unida, como no caso dos cans, polos órganos sexuais durante oito a dezaseis minutos. Os híbridos de can e lobo son férteis.

Época de parto: Entre Abril e Maio. Paren en tobos feitos por eles propios ou aproveitando os doutros animais. Tamén empregan para este cometido oquedades naturais.

Desenvolvemento da cria: Abren os ollos aos 10-15 días. O período de lactancia dura de 3 a 6 semanas. As oito semanas abandonan o cubil. Aos 3 meses do destete son xa lobatos. Autonomía completa aos 6 meses aproximadamente.

Categoría de risco. A especie aparece reseñada como vulnerábel, según a UICN. Trátase dunha especie estritamente protexida pola Convención de Berna e incluída na Lei de Caza.

Multas por captura ou morte ilegais: Según a valoración feita o 10 de Setembro de 1985, a especie aparece taxada coa cantidade de 25.000 Pts. por exemplar abatido ilegalmente.

Indemnizacións: No Departamento de Meio Ambiente da Coruña, sito no Edificio Administrativo de Monelos, foi-me notificado que as indemnizacións dependían dos danos efectuados.

Mapa:

Distribución do *Canis lupus*

CRIZ POSIBEL OU CONFIRMADA

#### BIBLIOGRAFIA:

- BLANCO, J.C.; CUESTA, L. et. REIG, S. 1990. Situación actual y problemática del lobo en España, in *Quercus* 52: 10-10.
- GALLEGO, L. *Canis lupus*. Mamíferos carnívoros. Vertebrados ibéricos 8: 40-42. Ed. Bilbilis, 1987.
- KEMPE, CH. El lobo. Los señores del bosque: 61-67. Lynx Edicións, 1990.
- PENAS PATIÑO, X.M. 1985. O lobo S.G.H.N. *Voceiro* nº 4.
- RODRIGUEZ DE LA FUENTE, F. El lobo *Fauna*, enciclopedia (Eurasia-Norteamérica) 18: 1763-1788. Salvat, 1990.
- SCHILLING, D.; SINGER, D. et DILLER, H. El lobo. *Guía de los mamíferos de Europa*. Omega, 1987.
- VALERO GUTIÉRREZ, E. 1992. O lobo en Galicia, in *Natureza Galega* 2: 26.
- ZIMEN, E. Los lobos. *Natura*, enciclopedia 1: 58-59. Orbis, 1986.
- Lobo. *Fauna Amenazada*, enciclopedia 18: 19-21, Anaya, 1989.